

E lembra:

- Actúa sen crear un risco para ti nin para os demais!
- Nada xustifica unha actitude ou unha agresión sexual (nin as drogas, nin o alcohol, nin a roupa...).
- Non vale todo. «Non» segue a ser «non».
- Ligar con alguén non é unha obriga para chegar máis aló dos límites que ti decidas.
- Unha agresión é un abuso de poder dunha persoa sobre outra. Non é un conflito nin un malentendido.
- O teu xeito de vestir ou de bailar non lle dá dereito a ninguén a tocarte nin a acosarte.
- Facer chistes ou comentarios sexistas (ou toleralos) perpetúa o machismo.
- Insistir é acosar. Acosar é agredir. Non é non.
- Unha agresión ocorre cando alguén se sente agredida.
- Se presencias unha agresión machista: escoita, acompaña e acude ao punto violeta ou utiliza os recursos da páxina anterior.
- Se te sentes acosada ou sofres unha agresión sexista, procura axuda.



Se pertences a Scouts de España podes empregar a nosa Canle de Denuncias



SECRETARÍA DE ESTADO DE IGUALDAD Y PARA LA ERADICACIÓN DE LA VIOLENCIA CONTRA LAS MUJERES
DELEGACIÓN DEL GOBIERNO CONTRA LA VIOLENCIA DE GÉNERO

Punto violeta Scout

CONTRA O MACHISMO. SCOUTISMO

QUE É UN PUNTO VIOLETA SCOUT?

É un dispositivo de actuación en contextos scouts que traballa na sensibilización, prevención e intervención das violencias machistas a través da atención rápida nun espazo seguro baixo asesoramento e derivación a recursos especializados.



Acoso físico: beixos, apertas, tocamentos non desexados que incomodan ou violentan a persoa ou o grupo que os sofre.

Acoso verbal: comentarios ou bromas sexuais non desexadas, comentarios ofensivos sobre o aspecto físico, insultos, comentarios ou burlas dirixidos a ofender, ridiculizar e menosprezar unha persoa ou grupo de persoas. Os piropos non desexados, así como as insistencias ante unha negativa. Tamén terán esta consideración cando se compartan a través das redes sociais.

Agresión sexual: calquera conduta que atente contra a liberdade sexual dunha persoa con violencia e intimidación.



Acoso non verbal: olladas desapropiadas e lascivas co propósito de intimidar; fotografías ou imaxes enviadas de contido sexualmente implícito non desexadas; material pornográfico; obriga de ver material pornográfico ou condutas exhibicionistas.

Abuso sexual: calquera xeito de contacto físico con ou sen acceso carnal no que non existe violencia física, nin intimidación nin consentimento.

Violación: consiste en manter relacións sexuais cunha persoa sen o seu consentimento ou obtido mediante a violencia ou as ameazas.

NO PUNTO VIOLETA SCOUT PODEMOS AXUDARTE, PORÉN:

Cando só necesites información:



Chama
o 016



Manda un
WhatsApp



Manda un correo
electrónico

Recibirás atención especializada na violencia machista.

Para que ninguén saiba que chamaches borra a chamada do historial de chamadas e non se verá na factura.

600 000 016 (WhatsApp)

016-online@igualdad.gob.es

Cando sexa unha situación de emerxencia:

Por exemplo, cando corre perigo a vida da vítima ou se trate dunha agresión sexual.

Chama

112 Emerxencias
091 Policía Nacional
062 Garda Civil

Escanea este código QR no teu móbil para descargar a aplicación **ALERTCOPS** que serve para mandar un sinal de emerxencia á policía e tamén lles indica onde estás.

